

DE AZUL E AUGA



*C.E.I.P "SACO E ARCE"
DE TOÉN*

A AUGA NAS NOSAS VIDAS . AS FONTES DO CONCELLO

OBXECTIVOS:

- Provocar nos alumnos/as a curiosidades por coñece-lo seu entorno.
- Preocuparse por investigar características do entorno.
- Poñer en práctica estratexias para resumi-la información recollida.
- Cultiva-la expresión plástica.
- Relaciona-las áreas de lingua e coñecemento.
- Potenciar a lectura e a escritura de textos.

METODOLOXÍA


- Para facer este traballo elaboramos unha ficha que resume a información que deben recoller.
- Deben investigar sobre a existencia de fontes de auga nos seus pobos, procurando a información dos veciños e a observación directa.
- A información obtida refléxase nunha ficha que se lle entregou.
- Resumirán a información por escrito.
- Farán un debuxo que ilustre as características da fonte.

FICHA

- Como se chama a fonte.
- Onde está situada.
- Qué tipo de animais e plantas hai.
- Qué utilidade se lle dá a fonte.
- Se a súa auga é potable ou non.
- Qué capacidade ten (Cunha xerra ou botella dun litro, contade os segundos que tarda en encher).
- Fai un debuxo ou unha fotografía da fonte ou mina.

O CICLO DA AUGA

A cantidade de auga que hai no Planeta Terra é constante.



A auga podémola atopar en tres estados:

- SÓLIDO: en forma de neve ou xeo.
- LÍQUIDO: nos mares, ríos, lagoas, encoros, mananciais...
- GASOSO: que forma as nubes, as néboas, brétemas...



SÓ O 3% DA AUGA EXISTENTE É DOCE, O 97% É SALGADA.

AS FONTES NAS NOSAS VIDAS

As fontes tiveron desde sempre unha grande importancia para os seres humanos e contribuíron á creación de pobos, vilas e cidades. A auga é vital para os seres humanos, para os animais e para as plantas.

Cando non había auga corrente nas casas, a xente tiña que ir diariamente ás fontes e mananciais para poder beber, cociñar e lavarse...e tamén para lavar a roupa.

As fontes, cada vez foron mellorándose para facelas máis prácticas e cómodas. Construíronse pías, torno, tellados e detalles ornamentais.

Hoxe o uso das fontes é escaso e moitas están cubertas de silvas e nun estado permanente de abandono.

CÓMO SE FAI UNHA FONTE


As fontes pódense construír de distintas maneiras: todas teñen un depósito interior, un frontal e un torno ou billa.

O depósito interior serve como filtro das partículas que pode arrastrar a auga. Está feito cunha caixa de pedra ou cemento. Pode estar cheo de seixos ou area á maneira de filtro.

A auga que rebosa, sae polo torno.

Outro sistema consiste en recoller a auga nunha arqueta, no monte, e levala onde se queira.


A decoración externa pode variar duna fonte a outra. Hainas cun frontal de granito ben esculpidas e outras tan só cun frontal e un torno ou billa....



a fauna

Podemos afirmar que hai certos animalíños que teñen unha querencia especial pola auga. Animalíños que todos nós estamos afeitos a velos preto das moitas fontes onde habitamos....

¿Quen non viu un sapo, unha ra, un cabaliño do demo, unha píntega...?
e, ¿ Os cágados?



A ra é un dos animais máis beneficiosos xa que come moitos insectos e larvas. As moscas e os mosquitos téñenlle terror.

Está en perigo de extinción, por iso temos que mimalas.


É un animal anfíbio; non se pode alonxar moito da auga. Cando é adulta ten respiración pulmonar e cutánea (pola pel) e para poder respirar pel precisa tela húmida.

En xaneiro as ras adultas emparéllanse e no mes de marzo a femia pon uns 3000 ovos que fertiliza o macho. Dúas ou tres semanas máis tarde nacen os cágados.

OS CÁGADOS

Os cágados nacen dúas ou tres semanas despois da posta e medran máis axiña se a auga está quente.

Os cágados respiran por **branquias**, teñen cola e non poden saír da auga.



Cando van medrando, van perdendo a cola e pouco a pouco afanse a respirar fóra da auga, empregando os seus pulmóns e a súa pel.

Entre os 30 e 60 días xa é unha pequena ra que pode vivir fóra da auga. A súa cola comeza a facerse máis pequena ata desaparecer por completo. Estas transformacións reciben o nome de **metamorfose**.




O **croar** da ra é producido polo ar sobre as cordas vocais. Os machos posúen uns **sacos** ás beiras da boca que amplifican os son. Utilizan esta música para comunicarse entre eles en época de aparellamento.

A ra pode saltar ata 30 veces a súa lonxitude. Un salto de máis de un metro

A ra pode vivir sobre 10 ou 12 anos...

AS LIBÉLULAS E OS CABALIÑOS DO DEMO.


As libélulas son maiores que os cabaliños do demo e cando están pousadas manteñen as ás abertas en horizontal mentres que os cabaliños do demo préganas en vertical.



Están sempre a revolotear pola auga en busca de alimentos. Son uns grans expertos pois os seus **ollos compostos** están moi dotados para ver calquera cousa.

O TRITÓN

É tamén un anfibio. Posúe unha cola que lle serve para nadar, como se fora un remo. Un tritón pode medir entre 11 e 15 centímetros. Son de cor escura por riba e laranxa escura por debaixo. Aliméntase de vermes, insectos, caracois...



O SAPO

O sapo tamén é un animal **anfibio**.

Distínguese da ra en que é máis groso e máis lento. Os seus saltos son moito máis curtos.



A súa pel está chea de verrugas e con abundante manchas que lle serven de **camuflaxe**. Está cuberta de sustancias tóxicas ou irritantes e que utilizan para defenderse.

No verán refúxianse nos sitios húmidos e debaixo das pedras....

A femia é de maior tamaño que o macho.

Aliméntase de insectos, vermes, miñocas, caracois, arañas...i por iso é moi útil telos nas hortas i

O sapo parteiro transporta os ovos postos pola femia, deica que van **eclosionando**, e logo vainos depositando ás beiras das charcas ou estanques.

A FLORA

O **ecosistema** das fontes está caracterizado pola humidade e iso condiciona tanto a fauna como a flora. Plantas afeitas á abundancia de auga ou humidade, aproveitan calquera fenda para estender as súas raíces e desenvolverse.

Ó achegarnos a unha fonte o primeiro que vemos é unha capa de cor verde que cubre a auga, son **as algas ou oucas**.

Nas pedras tamén podemos observar dúas plantas moi características: **os liques e o musgo**.

Os liques

Están formados pola **simbiose** (unión) de dúas plantas: **unha alga e un fungo**. Poden vivir moitos anos, xa que é a alga a encargada de producir a comida que os vai a alimentar. Son de distintas cores e son capaces de adherirse a calquera obxecto: madeira, pedras...

O musgo


O musgo tamén cubre as pedras , as paredes e os arredores das fontes. Non ten flores e debaixo do seu manto viven numerosos seres vivos que importante protexer, por iso hai que procurar non collelo.



Os couselos

Son plantas perennes características dos valados, rochas e paredes e muros súas follas son circulares e **carnosas**.As plantas poden chegar a medir ata centímetros.

As súas flores penduran nun **acio** alongado.Florece de abril a xullo.




As uces

É un arbusto de tamaño pequeno, que habita no entorno das fontes, coas flores formando acios de cor violáceo-rosada.Florece de maio a setembro, sendo moi abundantes en toda Galicia.



DESCRICIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE TOÉN



O concello de Toén pertence á comarca de Ourense, situada no centro da provincia. Está configurado por oito parroquias: Alongos, Fea, Moreiras, Puga, Toén, Trelle, Xestosa. Acolle a unha poboación de 2.760 habitantes, nunha superficie de 39 quilómetros cadrados.

Linda cos concellos de Barbadás polo leste; ó norte o río Miño separa do concello de Ourense; ó sur con Cartelle e polo oeste co municipio de Castelo de Miño.

Non existen cumes elevados no seu relevo; o máis alto non supera os 600 metros. As terras do norte, oeste e centro forman o extenso val do río do Miño. Este río está encerrado na presa de Castelo de Miño e os outros ríos: o Rego de Puga, o Rego de Xestosa e o Rego de Fragoso envorcan as súas augas no encoro.

As temperaturas sufren un grande contraste; baixas no inverno e altas no verán, néboas persistentes e choivas escasas.

Os produtos máis abundantes son a vide no val e a pataca e o centeo no interior; pero a maior parte das terras están cubertas de matogueiras.

O USO DA AULA

O Día Mundial do medio Ambiente
está dedicado este ano ó tema : " A
auga: Dous mil millóns de persoas
morren por ela".

Todos dependemos da auga. Necesitámola tódolos días, de moitos xeitos: para comer, para beber, para producir alimentos, para regar, para a industria, para lavarnos, para lavar a roupa... Sen embargo, cada día respectámola menos.

Diariamente cada un de nós
consume uns 250 litros de auga.

¿Cómo podemos facer un bo uso da auga?

- Cando nos cepillamos os dentes, non deixar correr a auga sen necesidade.
- Ducharse en vez de bañarse.
- Arranxar canto antes as fugas.
- Non empregar a lavadora sen que estea chea.
- Reducir o rego nos xardíns e nas hortas ó necesario.

*AS FONTES NO
CONCELLO DE TOÉN*

Dado que a maioría dos/as alumnos/as, que realizan este traballo, son de 3º e 4º curso de primaria, e xa que un dos obxectivos do mesmo é coñecer as fontes dos seus pobos.... quedan sen reseñar fontes dalgún pobo do concello nos que non hai alumnos.



AS FONTES DE ALONGOS

A FONTE DA BULLEIRIÑA

Nesta fonte podemos atopar salamántigas, que son negras e teñen pintas laranxas, e tamén babosas.

A auga desta fonte é potable.



A FONTE DO PAZO DO CONDE

Nesta fonte, polos seus arredores, non observei ningún animal.



A FONTE DO PRADO

Nesta fonte atopei sapos e, como podedes observar, abundantes ortigas.



A FONTE DO REGUEIRO

Nesta fonte abundan as babosas e variadas plantas acuáticas.



A FONTE DE FREIXENDO

A fonte de Freixendo está situada nunha propiedade privada, debaixo da casa do Porfirio.

O frontal é de pedra. A auga cae a un tanque e a sobranse sae por un regueiriño de cemento e emprégase para o rego.

Os animalíños que habitan polo seu entorno son: lermas, caracois, sapos e salamántigas.

A auga desta fonte é potable.
O seu caudal é de 79.200 litros diarios.



A FONTE DO CRUCEIRO


A fonte do Cruceiro está situada á beira da estrada de Ourense a Moreiras.

Está cuberta por un tellado e o frontal é de pedra.

A auga é potable e os veciños emprégana para beber.

Ten un frontal de pedra e unha pía onde cae a auga que é aproveitada para darlle de beber ós animais.

Nesta fonte existe un lavadoiro que aínda se usa, de vez en cando.
O seu caudal é de 4.320 litros diarios.



AS FONTES DE XESTOSA


A fonte da aldea está situada case no medio do pobo de Xestosa. O seu frontal está construído de pedra e conta con tres billas e tres tanques tamén de pedra. O superior vai vertendo a auga sobrance no inferior ata perderse entre os lameiros.

A auga desta fonte é potable e aínda hoxe a xente do pobo vai, de vez en cando, a encher unhas botelliñas para beber.

Nesta fonte e nos seus arredores hai abundancia de animais e plantas acuáticas. Podemos observar a ras de varios tamaños e cores, babosas....

En canto as plantas, abundan os fentos, as silvas, ortigas.

Esta fonte ten un caudal diario de 4.800 litros.




FONTE DE CARIALLAS

Vindo pola estrada de Toén a Xestosa, a fonte de Cariallas está situada mesmo na entrada do pobo a man dereita.

Esta fonte ten un frontal de pedra con 3 billas e tres tanques tamén de pedra. No tanque central, en tempos, lavábase a roupa.


A auga desta fonte é potable. Ten un caudal de 3.912 litros diarios.



A FONTE DO MOREIRO

A fonte do Moreiro está situada na parte baixa do pobo. O frontal é de pedra. A auga cae a un tanque e a sobranse pérdese por un regueiriño.

De vez en cando, polo seu entorno, vese algunha lagartixa. A auga desta fonte é potable. O seu caudal é de 2880 litros diarios.



JOSÉ ANTONIO, HELENA, SANDRA.
5º 6º

A FONTE DE PUGA

A fonte de Puga, tamén chamada " O Lavadoiro", está situada case no centro do pobo.

A auga é potable e os veciños fan uso dela para bebelas e mais para os seus labores domésticos. Tamén hai que facer referencia a que nesta fonte a xente lava, ou mellor dito, lavaba á roupa.

A flora que hai a beira desta fonte é abundosa. Hai ortigas, silvas, musgo, lique de Islandia, couselos, alcaravea, aveia, trevo, hedras... Na auga atopamos algas.

Os animais que viven preto dela son: píntegas, libélulas, ras, sapos, tritóns acuáticos, escaravellos buceadores, zapateiros, agulla de auga, caracois.

O seu caudal é de 36000 litros diarios.



manuel 5º

AS FONTES DE TRELLE


" A FONTE DO REGO "

A fonte do Rego ou lavadoiro está situada no fondo do pobo de Trelle.

A súa auga é potable e nela lávase a roupa.

Na súa beira hai ortigas e algún sapo e ras.


O seu caudal é de 43.200 litros diarios.



" MINAS DOS MOUROS "

As Minas dos Mouros é un manancial que esta situado no val do Castro de Trelle. Deste manancial recóllese a auga para a traída do pobo.

Esta mina está rodeada de plantas. Nela hai algas, ras... Ten unha capacidade de uns 105.000 litros diarios.




" A FONTE DA COSTIÑA "

A fonte da Costiña está situada no medio do pobo de Trelle, nun lugar chamado Costiña.

A súa auga é potable e no verán, cando falta a auga da traída, os veciños usan a auga desta fonte para beber.

O seu caudal é escaso, uns 2000 litros diarios.



UNHA SAÍDA Ó CAMPO

Un venres pola tarde, aproveitando que facía bo tempo decidimos saír ó campo a ver unha poza onde había cágados...

Non foi por casualidade, que podía ser, senón que xa o tiñamos pensado de atrás, pois levabamos un tempo estudiando a flora e a fauna que hai nas beiras das fontes, o que se di ... un ecosistema.

A poza, mellor dito, a Mina, pois resulta que o fixarnos mellor, démonos conta de que a auga da tal poza saía dun manancial a beira da mesma pista en dirección ó sanatorio de Toén.

Temos moita sorte, pois o noso colexio está situado nun lugar bonito, con abundancia de plantas, árbores e paxaros... e entre tanta natureza non podían faltar os piñeiros, os carballos, os castiñeiros, os freixos, as sobreiras, os ameneiros, os vidos... e os Érbedos.

Polo camiño fomos observando as distintas clases de árbores e plantas e o mesmo tempo, intentabamos identificar ós paxariños que estaban cantando, tales coma : o xílgaro, o merlo, as pegas, os corvos...Cando viñamos de volta, vimos unha aguiña planeando maxestosamente case por riba das nosas cabezas... o Xoán di que é unha culebreira.

Unha vez que chegamos á poza, vimos unha chea de cágados de distintos tamaños, que formaban manchas negras no fondo da poza. Puidemos observar como ían cara onde había menos auga, polo que pensamos que os cágados, o igual ca nós, gustáballes a auga morniña. Xogamos con eles e collémolos nas mans, procurando non lle facer dano.

Na mina había outros animais coma pitas cegas, e tamén plantas coma algas, xuncos, couselos... e un pouco máis adiante, musgo e liques.

Pasámolo ben... e de paso trouxemos dous cágados coa intención de facer unha poza no patio de abaixo do noso colexio. Pero como se acercaba o verán e o non haber ninguén que lles botara auga decidimos deixalo para o curso que ven.

BIBLIOGRAFÍA

☞ Guía das plantas con flores de Galicia. Tomo 1 e 2. Xosé Ramón García. Editorial: Xerais.

☞ Arquitectura popular. Enciclopedia Galega. Tomo XXIII. Editorial: Hércules.

☞ Es divertido descubrir la vida de los animales. Editorial: Plaza y Janés.

☞ Guía das fontes de Louro.